

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
32008951	IES Ramón Otero Pedrayo	Ourense	2024/2025

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Proxecto competencial	1º ESO	1	35

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	4
4.1. Concrecións metodolóxicas	9
4.2. Materiais e recursos didácticos	9
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	10
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	10
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	11
6. Medidas de atención á diversidade	11
7.1. Concreción dos elementos transversais	11
7.2. Actividades complementarias	12
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro	12
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	13
9. Outros apartados	14

1. Introducción

A presente programación didáctica, elaborada para a materia de Proxecto Competencial do 1º curso da ESO, ten como referencia o currículo que establece Decreto 156/2022 do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.

Para a elaboración das unidades didácticas que desenvolverá a programación, tívose como referencia un currículo que ten como obxectivo o desenvolvemento das competencias transversais mediante a realización de proxectos significativos para o alumnado e a resolución colaborativa de problemas, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade.

Outro aspecto que foi tido en conta á hora de deseñar a presente programación foi o centro no que se ía implementar: as características do mesmo, as do seu alumnado e o seu entorno. Neste caso, pensada para ser levada á práctica no IES Ramón Otero Pedrayo de Ourense, situado na zona centro de Ourense, cun alumnado procedente dos barrios dos arredores.

Os grupos seleccionado de 1º ESO, está composto por 60 alumnos e alumnas, distribuídos en catro grupos: 1º ESO A con 13 alumnos/alumnas, 1º ESO B con 19 alumnos/alumnas, 1º ESO C con 14 alumnos/alumnas, 1º ESO D con 14 alumnos/alumnas, con idades comprendidas ao inicio do curso entre os 11 e os 13 anos. A atención á diversidade presente nas aulas levarase a cabo segundo o recollido na Orde do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro.

Todos estes aspectos serán tidos en conta a nivel metodolóxico.

A temática escollida neste Proxecto competencial serán OS PARQUES NATURALES/NACIONALES DE GALICIA

Traballarase través da realización de proxectos significativos e da resolución colaborativa de problemas, oríentase o alumnado para comprender a realidade social, resolver conflitos de forma reflexiva, dialogar para mellorar, respectar os valores universais, crear un sistema de valores propios e participar activamente na vida cívica de forma pacífica e democrática.

Os deseños dos proxectos ou problemas de traballo deben desenvolverse en contextos reais que permitan ao alumnado experimentar e vivenciar o proxecto, ter tempos e espazos de protagonismo, así como obter o recoñecemento da súa valía persoal e das súas contribucións aos diferentes grupos en que desenvolva a actividade, reforzando así a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade.

Por todo o dito configurarse este curso como un proxecto interdisciplinar en colaboración con distintos axentes sociais

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Deseñar un plan de traballo para a realización dun proxecto ou a resolución dun problema a través da definición de obxectivos e das accións para acadalos, tendo en conta as necesidades da contorna.	1			1	1-5	3	1-2-3	
OBX2 - Desenvolver o proxecto segundo a planificación prevista mobilizando conxuntamente as competencias transversais que se requiran.	1-3		5	3	1-3	2	3	
OBX3 - Presentar os resultados asociados ao proxecto competencial empregando dun xeito respectuoso estratexias e ferramentas de comunicación adecuadas cunha linguaxe verbal e corporal positiva, con control das emocións negativas e, de ser o caso, co uso de recursos informáticos e audiovisuais.	1-5	3	3	2-3	1-3			3-4

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Introducción ao parques naturais e nacionais de Galicia	Nesta unidade introdúcese ao alumnado no coñecemento do que engloban os termos parque natural, parque nacional, espazo natural e os espazos e parques cos que conta a nosa comunidade.	10	4	X		
2	Os parques naturais da provincia de Ourense	Nesta unidade o alumnado achegarase ao coñecemento dos parques naturais da provincia de Ourense: paisaxe, seres vivos, influencia das poboacións próximas, recursos..... O alumnado exporá a información dos parques naturais do Xurés- Baixa Limia, a Serra da Lastra e o Invernadoiro, en distintos formatos.	30	10	X	X	
3	Os parques naturais da provincia de Coruña e Pontevedra	Nesta unidade o alumnado achegarase ao coñecemento dos parques naturais da provincia de Ourense: paisaxe, seres vivos, influencia das poboacións próximas, recursos..... O alumnado exporá a información dos parques naturais das dunas de Corrubedo, o Monte Aloia, e as Fragas do Eume.	30	10		X	
4	O parque nacional das illas Atlánticas	Nesta unidade o alumnado achegarase ao coñecemento dos parques naturais da provincia de Ourense: paisaxe, seres vivos, influencia das poboacións próximas, recursos..... O alumnado exporá a información do parque nacional das illas atlánticas en distintos formatos. Elaborando distintas guías de rutas	30	11			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Introducción ao parques naturais e nacionais de Galicia	4

Cráterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar.	Coñecer a diferenza entre parque natural/nacional e espazo natural. Coñecer os parques naturais/nacionais de Galicia	TI	100

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Procura e selección de información relacionada cos proxectos.

UD	Título da UD	Duración
2	Os parques naturais da provincia de Ourense	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar.	Localizar os parques naturais da provincia de Ourense, a súa paisaxe, natureza e importancia de cada un deles. Xurés-- Baixa Limia, Serra da Encina da Lastra, Invernadoiro	TI	100
CA1.2 - Identificar e determinar os recursos e materiais necesarios para a realización do proxecto.	Determinar os recursos necesarios para a realización do proxecto.		
CA1.3 - Identificar, seleccionar e analizar a información que se precisa.	Seleccionar e analizar a información		
CA1.4 - Realizar a secuencia e a temporización das actuacións necesarias para a execución do proxecto.	Temporalizar correctamente as actuacións para a execución do proxecto		
CA1.5 - Prever as incidencias que se poidan producir no desenvolvemento das actuacións do proxecto e propoñer posibles solucións a estas.	Prever incidencias e propoñer posibles solucións a estas.		
CA2.1 - Executar as actuacións asociadas coa secuencia e coa temporización prevista	Executar as actuacións planificadas.		
CA2.2 - Aplicar os coñecementos axeitados e mobilizar as competencias cos niveis de calidade requiridos.	Aplicar os coñecementos axeitados.		
CA2.3 - Empregar, de ser o caso, os recursos e materiais previstos para a execución das actuacións.	Empregar recursos e materiais necesarios.		
CA2.4 - Resolver, dentro do seu nivel de autonomía, ou comunicar as incidencias xurdidas durante a execución das actuacións.	Resolver as incidencias xurdidas.		
CA2.5 - Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto.	Valorar os resultados logrados.		
CA3.1 - Presentar o proxecto realizado e, de ser o caso, os produtos finais obtidos.	Presentar a información traballada		

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2 - Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade, para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade.		
CA3.3 - Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica axeitadas.		
CA3.4 - Potenciar as emocións positivas na exposición e controlar, de ser o caso, a conduta asociada ás emocións negativas.	Potenciar as emocións positivas na exposición.		
CA3.5 - Empregar recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos como apoio na presentación do proxecto.	Empregar recursos dixitais, audiovisuais, fotográficos na presentación do proxecto.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Procura e selección de información relacionada cos proxectos. - Planificación: secuenciación e temporización. - Execución de proxectos: dinámicas e roles. - Presentación de proxectos: a expresión verbal e corporal; control das emocións e da conduta. - Uso de recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos de apoio á comunicación para a presentación do proxecto.

UD	Título da UD	Duración
3	Os parques naturais da provincia de Coruña e Pontevedra	10

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar.	Localizar os parques naturais da provincia da Coruña (Complexo dunar de Corrubedo e lagoas de Carregal e Vixán, e Fragas do Eume) e da provincia de Pontevedra (Monte Aloía) a súa paisaxe, natureza e importancia de cada un deles.	TI	100
CA1.2 - Identificar e determinar os recursos e materiais necesarios para a realización do proxecto.	Determinar os recursos necesarios para a realización do proxecto.		
CA1.3 - Identificar, seleccionar e analizar a información que se precisa.	Seleccionar e analizar a información		
CA1.4 - Realizar a secuencia e a temporización das actuacións necesarias para a execución do proxecto.	Temporalizar correctamente as actuacións para a execución do proxecto		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.5 - Prever as incidencias que se poidan producir no desenvolvemento das actuacións do proxecto e propoñer posibles solucións a estas.	Prever incidencias e propoñer posibles solucións a estas.		
CA2.1 - Executar as actuacións asociadas coa secuencia e coa temporización prevista	Executar as actuacións planificadas.		
CA2.2 - Aplicar os coñecementos axeitados e mobilizar as competencias cos niveis de calidade requiridos.	Aplicar os coñecementos axeitados.		
CA2.3 - Empregar, de ser o caso, os recursos e materiais previstos para a execución das actuacións.	Empregar recursos e materiais necesarios.		
CA2.4 - Resolver, dentro do seu nivel de autonomía, ou comunicar as incidencias xurdidas durante a execución das actuacións.	Resolver as incidencias xurdidas.		
CA2.5 - Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto.	Valorar os resultados logrados.		
CA3.1 - Presentar o proxecto realizado e, de ser o caso, os produtos finais obtidos.	Presentar a información.		
CA3.2 - Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade, para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade.		
CA3.3 - Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica axeitadas.		
CA3.4 - Potenciar as emocións positivas na exposición e controlar, de ser o caso, a conduta asociada ás emocións negativas.	Potenciar as emocións positivas na exposición.		
CA3.5 - Empregar recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos como apoio na presentación do proxecto.	Empregar recursos dixitais, audiovisuais, fotográficos na presentación do proxecto.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Procura e selección de información relacionada cos proxectos. - Planificación: secuenciación e temporización. - Execución de proxectos: dinámicas e roles. - Presentación de proxectos: a expresión verbal e corporal; control das emocións e da conduta. - Uso de recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos de apoio á comunicación para a presentación do proxecto.

UD	Título da UD	Duración
4	O parque nacional das illas Atlánticas	11

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar.	Localizar o parque Nacional das Illas Atlánticas e as illas que forman parte deste parque, coas súas características paisaxísticas e históricas.	TI	100
CA1.2 - Identificar e determinar os recursos e materiais necesarios para a realización do proxecto.	Determinar os recursos necesarios para a realización do proxecto.		
CA1.3 - Identificar, seleccionar e analizar a información que se precisa.	Seleccionar e analizar a información.		
CA1.4 - Realizar a secuencia e a temporización das actuacións necesarias para a execución do proxecto.	Temporalizar correctamente as actuacións para a execución do proxecto		
CA1.5 - Prever as incidencias que se poidan producir no desenvolvemento das actuacións do proxecto e propoñer posibles solucións a estas.	Prever incidencias e propoñer posibles solucións a estas.		
CA2.1 - Executar as actuacións asociadas coa secuencia e coa temporización prevista	Executar as actuacións planificadas.		
CA2.2 - Aplicar os coñecementos axeitados e mobilizar as competencias cos niveis de calidade requiridos.	Aplicar os coñecementos axeitados.		
CA2.3 - Empregar, de ser o caso, os recursos e materiais previstos para a execución das actuacións.	Empregar recursos e materiais necesarios.		
CA2.4 - Resolver, dentro do seu nivel de autonomía, ou comunicar as incidencias xurdidas durante a execución das actuacións.	Resolver as incidencias xurdidas.		
CA2.5 - Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto.	Valorar os resultados logrados.		
CA3.1 - Presentar o proxecto realizado e, de ser o caso, os produtos finais obtidos.	Presentar a información traballada		
CA3.2 - Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade, para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade.		
CA3.3 - Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica axeitadas.		
CA3.4 - Potenciar as emocións positivas na exposición e controlar, de ser o caso, a conduta asociada ás emocións negativas.	Potenciar as emocións positivas na exposición.		
CA3.5 - Empregar recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos como apoio na presentación do proxecto.	Empregar recursos dixitais, audiovisuais, fotográficos na presentación do proxecto.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Procura e selección de información relacionada cos proxectos. - Planificación: secuenciación e temporización.

Contidos

- Execución de proxectos: dinámicas e roles.
- Presentación de proxectos: a expresión verbal e corporal; control das emocións e da conduta.
- Uso de recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos de apoio á comunicación para a presentación do proxecto.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Ao longo de todo o curso levarase a cabo o seguinte proxecto: "Parques naturais e Nacionais de Galicia". As actividades propostas ao longo do curso están dirixidas a reforzar os aspectos máis transversais do currículo, favorecendo a interdisciplinabilidade e a conexión entre os distintos tipos de coñecemento.

O proxecto será realizado en grupos de traballo cooperativo, nos cales cada alumna ou alumno adopta un rol concreto asumindo tarefas individuais que integrarán o resultado final do proxecto.

Na PRIMEIRA AVALIACIÓN: traballarase a diferenza entre parque natural, Nacional, espazo natural, espazo protexido, zonas de especial interese ecolóxico. Para posteriormente pasar a localizar os 6 parques naturais de Galicia e o parque Nacional. A segunda parte do trimestre dedicarase ao estudo dos parques do Xurés- Baixa Limia, o Invernadoiro e a Serra da Encina da Lastra na provincia de Ourense. Deles estudarase a súa paisaxe, a súa natureza, historia e interese cultural e de recursos para a poboación.

O alumnado deseñará unha planificación na procura e selección das fontes de información, así como a temporalización e recursos para a realización da exposición final do seu traballo.

Na SEGUNDA AVALIACIÓN: estudo na provincia de Pontevedra do Complexo dunar de Corrubedo e lagoas de Carregal e Vixán, e Fragas do Eume e da provincia de Pontevedra (Monte Aloia). Deles estudarase a súa paisaxe, a súa natureza, historia e interese cultural e de recursos para a poboación.

O alumnado deseñará unha planificación na procura e selección das fontes de información, así como a temporalización e recursos para a realización da exposición final do seu traballo.

Na TERCEIRA AVALIACIÓN, estudo do parque NACIONAL DAS ILLAS ATLÁNTICAS. Deles estudarase as características e peculiaridades de cada unha das illas, a súa paisaxe, a súa natureza, historia e interese cultural e de recursos para a poboación.

O alumnado deseñará unha planificación na procura e selección das fontes de información, así como a temporalización e recursos para a realización da exposición final do seu traballo.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Ordenador ou aula de informática
Caderno

O espazo habitual no que se desenvolverán as clases consiste na aula de referencia do alumnado equipada cun carro de ordenadores, cunha pizarra dixital e outra tradicional, dispoñendo o alumnado de pupitres individuais, o que facilitará os necesarios cambios na súa distribución para o traballo grupal.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao inicio de curso, nas primeiras sesións, realizarase unha proba inicial baseada en competencias clave. O seu obxectivo é facilitar información sobre distintos aspectos do alumnado, tales como posibles dificultades de aprendizaxe ou capacidades por riba da media do grupo. Dita información servirá para programar as adaptacións precisas, así como as actividades de reforzo e ampliación no caso de ser necesarias. Os resultados da dita proba daranse a coñecer durante unha reunión establecida polo centro ao inicio do curso e na que se atopará a totalidade da xunta avaliadora. En función dos resultados obtidos, e sempre coa intervención do Departamento de Orientación levaranse a cabo as medidas de atención pertinentes.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	10	30	30	30	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100	100

Criterios de cualificación:

Entre os procedementos de avaliación:

- PRIMEIRA AVALIACIÓN: Presentación na aula virtual das tarefas coa recompilación da información solicitada. Entrega do dossier, na aula virtual do traballo grupal coa procura de información solicitada. Presentación e exposición do proxecto.

- SEGUNDA AVALIACIÓN: Presentación na aula virtual das tarefas coa recompilación da información solicitada. Entrega do dossier, na aula virtual do traballo grupal coa procura de información solicitada. Presentación e exposición do proxecto.

- TERCEIRA AVALIACIÓN: Presentación na aula virtual das tarefas coa recompilación da información solicitada. Entrega do dossier, na aula virtual do traballo grupal coa procura de información solicitada. Presentación e exposición do proxecto.

Como instrumentos de avaliación, empregaranse como táboas de indicadores distintas listas de cotexo e rúbricas asociadas aos anteriores procedementos. Nestas rúbricas avaliaranse aspectos de traballo cooperativo, desempeño de rol concreto, realización de tarefas individuais, presentación, orde, limpeza, produtos finais, claridade expositiva...

A nota da avaliación final vén dada pola seguinte fórmula:

NOTA AVALIACIÓN FINAL: $NOTA\ 1^a\ avaliación + NOTA\ 2^a\ avaliación + NOTA\ 3^a\ avaliación$

O resultado dos cálculos redondearase cara a unidade seguinte, sempre e cando a cifra que ocupa a posición da décima sexa cinco ou maior que cinco. na avaliación final e 7 en cada avaliación.

Criterios de recuperación:

No caso de que un alumna/o non realice as tarefas asignadas ou non coopere adecuadamente no grupo de traballo dificultando o desenvolvemento do proxecto, terá que realizar un traballo individual no que terá pautados cada unha das partes non traballados neste proxecto.

A nota da dita proba representará a nota da avaliación parcial correspondente.

De igual xeito, no caso de que unha alumna/o teña dúas avaliacións suspensas, deberá realizar un traballo final, con sobre diferentes aspectos traballados nos proxectos non superados.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Ao alumnado que durante este curso académico esté en segundo, terceiro ou cuarto da ESO con esta materia pendente, se lle exixirá o mesmo grao mínimo de consecución dos criterios de avaliación que ao alumnado que cursa a materia por primeira vez.

Este alumnado, deberá facer e entregar un proxecto coa mesma temática. De este modo:

- Na primeira avaliación entregará un dossier coa información que se lle propoña sobre os parques naturais da provincia de Ourense
- Na segunda avaliación entregará un dossier coa información que se lle propoña sobre os parques naturais da provincia de Coruña
- Na terceira avaliación entregará un dossier coa información que se lle propoña sobre os parques naturais da provincia de Pontevedra

Como instrumentos de avaliación, empregaranse distintas listas de cotexo e rúbricas asociadas aos anteriores procedementos. Nestas rúbricas avaliaranse aspectos como a realización de tarefas encomendadas, presentación, orde, produto finais, claridade expositiva...

A nota da avaliación ordinaria en xuño virá dada pola media aritmética das notas das avaliacións parciais.

6. Medidas de atención á diversidade

Para os alumnos/as con necesidades específicas de apoio educativo serán deseñadas de xeito específico de modo que se facilite o desempeño do seu rol no proxecto. Do mesmo modo, prestaráselle unha maior atención na aula e nas actividades fóra da aula, estando pendentes en todo momento do seu desempeño así como da consecución das súas tarefas individuais. Todo isto sen prexuízo de que a medida que avance o curso poida detectarse a necesidade deste tipo de actividades individualizadas noutras alumnas e/ou alumnos establecéndose, de ser o caso, os necesarios reforzos educativos.

Por outra banda, tamén están previstas actividades de ampliación para aquel alumnado que presente un maior ritmo de aprendizaxe. Tratarase de actividades motivadoras, que en todo caso vaian máis aló dos xa afianzados mínimos da materia e que supoñan un maior desafío na busca de información, así como a interrelación dos diferentes contidos.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4
ET.1 - Comprensión da Lectura	X	X	X	X
ET.2 - Expresión Oral e Escrita	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación Audiovisual	X	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X	X
ET.5 - Emprendemento social e empresarial	X	X	X	X
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico	X	X	X	X
ET.7 - Educación emocional e en valores	X	X	X	X
ET.8 - Igualdade de xénero	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4
ET.9 - Creatividade	X	X	X	X

Observacións:

No deseño de actividades á hora de traballar en grupo:

- Fomentaranse de maneira transversal a igualdade entre mulleres e homes, a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual, a formación estética, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais.
- Promoverase a aprendizaxe da prevención e da resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto polo Estado de dereito, o respecto e a consideración polas vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.
- Evitaranse os comportamentos, os estereotipos e os contidos sexistas, así como os que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Saída/s para a visita dun entorno natural, dun parque natural e un parque nacional	visitas a espazos naturais, parque natural e un parque nacional	X	X	X
Exposicións sobre espazos naturais	exposición no centro de paneis informativos sobre espazos naturais	X	X	
Exposición dos traballos elaborados ao longo de cada trimestre	En cada trimestre exporase nun lugar visible do centro información sobre o traballado no trimestre	X	X	X

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Adecuación do nivel de dificultade ás necesidades do alumnado.
Adecuación á temporalización das unidades didácticas.
Utilización dos distintos instrumentos de avaliación.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Utilización de distintas estratexias metodolóxicas en función das unidades didácticas.
Medidas de atención á diversidade
Toma de medidas de atención á diversidade para atender ao alumnado con NEAE no deseño das actividades.
Eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación.

Clima de traballo na aula
Participación activa de todo o alumnado.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Apoio e implicación por parte das familias no traballo do alumnado.

Descrición:

A persoa docente realizará unha avaliación do proceso de ensino e da súa propia práctica docente, polo menos, unha vez ao mes. Deixarase constancia da dita avaliación así como das posibles modificacións ou propostas de mellora nas correspondentes actas mensuais de departamento.

Xunto co anterior, de ser posible, farase unha avaliación trimestral dos indicadores de logro sinalados, de cara a ter unha información concreta e fiable sobre o proceso do ensino e a practica docente. Empregaranse diferentes instrumentos de avaliación (listas de control, actas de avaliación...) e os resultados obtidos se incluírán, no seu caso, nas correspondentes actas de departamento.

De cara a reflectir a comunicación realizada da información, será suficiente con que o profesorado titor así o faga constar nas correspondentes actas de departamento en cada unha das actas posteriores ás da xunta de avaliación parcial; neste centro a comunicación da información será, polo xeral, a través dunha pequena xuntanza, podendo ampliarse esta a través de comunicación electrónica.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

O seguimento da programación didáctica levarase a cabo a través da aplicación Proens, cando menos, unha vez ao mes. Cómpre destacar a importancia da valoración dos datos recollidos na programación de aula de cara a comprobar o desenvolvemento da actividade lectiva (esta ferramenta permítenos comprobar se o programado inicialmente se desenvolveu sen dificultade ou hai que realizar algunha modificación).

Este procedemento terá en conta os seguintes puntos:

1. Analizarase regularmente a adecuación da programación didáctica a cada grupo, formulando propostas de mellora e realizando os axustes necesarios sempre que sexa preciso. Terase en conta, cando menos, informar sobre o seguinte:

- Reunións trimestrais do equipo docente da coordinación de ciclo.
- Unidades didácticas: datas de inicio e fin, número de sesións previstas e realizadas.
- Propostas xerais de mellora e outras observacións.

2. Analizaranse as dificultades atopadas no alumnado. Valorarase se os resultados son positivos (continuarase na mesma liña de traballo) ou negativos (realizaranse propostas de mellora).

3. Realizaranse propostas de mellora. Revisaranse as necesidades de atención educativa (apoio, reforzo, adaptación curricular etc.) tomando como referencia a información obtida de aplicar indicadores como:

- O ofrecemento ao alumnado, de forma individualizada, das explicacións que precise.
- A elaboración das actividades atendendo ás dificultades observadas.
- A proposta de probas de avaliación de distinta dificultade.
- O comentario co alumnado dos erros máis significativos dos traballos realizados.

A información que se obteña incluírase na memoria final da área, con especial relevancia nas posibles propostas de mellora para levar a cabo no seguinte curso académico. As ditas propostas de mellora reorientarán e modificarán a nova programación, se é o caso, e mesmo poderán poñerse en práctica aquelas propostas de mellora identificadas durante o seguimento susceptibles de aplicación no curso actual.

9. Outros apartados

1. Saída/s para a visita dun entorno natural, dun parque natural e un parque nacional

Ao longo do curso intentarase que o alumnado faga algunha saída para coñecer e aplicar no entorno o traballado na aula.

Propónse a saída ao entorno do paseo do Barbaña para identificar especies vexetais e animais propias das ribeiras dun río.

Intentarase que o alumnado poida sair nunha visita a un parque natural da provincia de Ourense, pendente esta actividade de datas, climatoloxía e dispoñibilidade de transporte.....

A actividade final deste proxecto competencial é a visita a o parque Nacional das Illas Atlánticas, a finais do terceiro trimestre.

Aquel alumnado que teña máis de tres partes de incidencia leves ou algún parte de incidencia grave , así como a alumnado que non teña un aproveitamento adecuado e suficiente na materia non poderá participar das saídas.